

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 20 de xullo de 2022.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía en sesión **ordinaria**, para o **día 20 de xullo de 2022**, ás 17:30 horas, na sala de xuntas do Pazo Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/38E/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xuño de 2022.

2. 2022/9535T PRESIDENCIA

Expediente de modificación orzamentaria: modificación da base 5 de execución do orzamento do INORDE para o ano 2022.

3. 2022/10387E PRESIDENCIA

Expediente nº 5/2022 de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2022.

4. 2020/5906S PRESIDENCIA

Modificación das tarifas resultantes da liquidación dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz” e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación de Ourense.

5. MOCIÓN DE URXENCIA.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.